

Señor Alcalde do Concello de Pontedeume,
Representantes das institucións políticas culturais e sociais,
Querida familia de Eva Veiga,
Querida poeta,
Prezados amigos e amigas,

Non sabería dicir por cal das seis portas da muralla de Pontedeume entramos, aquela que ollaba entrar e saír a Fernán Pérez de Andrade o Bóo segundo a *Historia* de Couceiro Freijomil.

Nunha fermosa imaxe, Cunqueiro escribe no *Faro de Vigo* cando viaxa a esta terra que podemos escoitar “o eco dun confuso galopar de cabalos na noite. ¡Cómo galopan, van e veñen, en confuso tropel, os galegos no libro de Vasco da Ponte, nacido nestas terras ao servizo da Casa de Andrade!”

Sabéndonos gardados polos soños dos que nos precederon e fundaron a historia, convocámonos hoxe aquí.

Como xa expuxo a nosa vicepresidenta Beatriz Maceda na lectura da acta de concesión da letra E, celebramos a obra da poeta Eva Veiga e celebramos a súa biografía, asentada nos alicerces da ética e de todo aquilo que fai que as galegas e galegos nos orgullemos do que somos e de todo o que virá e que seremos.

É unha celebración no que a colaboración das institucións municipais é moi importante, polo que agradecemos ao Concello de Pontedeume, ao seu alcalde, á súa Concelleira de Cultura e á equipa de traballadores que fixo os labores de chantar o monólito e a árbore.

É unha celebración na que queremos que haxa unha dimensión de proximidade, de coidado, nun acto de recoñecer o seu territorio biográfico afectivo, na dimensión humana e da natureza como ser vivo que acolleu e alimentou os soños da nosa poeta.

O tempo xeracional, se se me permite a expresión, no que desenvolve a nosa poeta a súa obra coincide basicamente co seu labor profesional que, en determinado momento da súa biografía, muda a un activismo literario musical como forma de comunicación do coñecemento e que desenvolve como unha forma máis de creación poética: un mar no que ela tamén navega e forma parte.

Ao escribir estas notas constatee que Eva Veiga, Ana Romaní e Begoña Caamaño teñen tres anos de diferenza nas súas idades, e que as tres teñen unha clara conciencia do que significa ser escritoras e ter compromiso cos medios públicos galegos e en galego. Dalgún xeito, o tempo xeracional nos medios de comunicación públicos galegos coincide coa incorporación de profesionais no coidado do patrimonio cultural, así como noutros ámbitos da cultura, nunha época en que levedaba a Galiza na creación cultural e no nacemento de institucións culturais e de comunicación pública prometedoras. Chegados a este tempo de hoxe, aumentou a presenza das escritoras que crearon sólidas obras como as de Eva, Ana e Begoña, pero ao mesmo tempo, houbo un devalo decrecente coa desactivación das estruturas de xestión e promoción da cultura e do noso idioma.

Foi na exposición de *Galicia no Tempo* no mosteiro de San Martiño Pinario onde vin por vez primeira a escritora Eva Veiga, estando eu no exercicio das miñas actividades profesionais na dirección das obras de rehabilitación. Ela estaba a facer

unha entrevista. A primeira imaxe que teño da nosa poeta foi de abraio polo seu facer profesional e sen saber aínda das súas capacidades literarias, sendo cada vez maior a miña admiración por unha obra que foi sedimentando calidade poética, tensión de pensamento nas capas que foron alimentando a cerna das súas poéticas, onde foi acrisolando aquilo que ten vida e acontece.

A poeta Eva Veiga foi crescendo no aprofundamento á busca dos seus referentes, dunha certa vontade de chantar os alicerces no pensamento filosófico, aquel que move no gume do poético as complexidades do ser, ancorado no cotián que habita a emoción poética. A denudación do circunstancial. A busca da luz que chega, atravesando os espazos entre luminosidade e sombra.

O milagre da poesía lida e acompañada musicalmente nace unha nova obra tamén como forma de coñecemento, como acto de creación e comunicación que é o acto creador ao que nos convoca tamén Antonio Gamoneda.

As Terras do Eume, o río e as súas claridades, que en palabras do poeta portugués Eugénio de Andrade, cando o trouxen a coñecer o lugar, deixou escrito que as augas eran transparentes como a conciencia do profeta.

De onde veñen as poéticas da nosa autora?, perdoade o atrevemento.

Penso nun seu camiñar imaxinario polas Fragas do Eume, baixo a foresta de carballos, castiñeiros bidueiros, freixos teixos, abelairas, sobreiras, érbedos, todas elas alfaías da natureza.

A Fraga que acolle o Eume crea «claros» para que aconteza a visión poética do que está oculto. A luz filtrada polas follas vólvese metáfora para sentir o efémero e a beleza serena da impermanencia que propón descifrar o sentir sobre o ser oculto. Isto pode levar á nosa poeta a *Os claros do bosque* de María Zambrano, onde se inscribe a mística da penumbra que revela a emerxencia do ser ante a existencia como un centro no que non sempre é posible entrar, só co poema. É outro reino que ela habita e a chama a ir; logo non se encontra nada, nada que non sexa un lugar intacto que parece terse aberto nese instante para a nosa poeta. A lección inmediata dos *Claros do bosque* é que non hai que ir buscalos. Neles cristaliza o concepto da "razón poética" para explorar os "recantos" máis profundos da alma, a transcendencia e o autocoñecemento.

Isto pode levar á nosa poeta a vivir na fraga no Komorebi, que evoca unha sensación profunda e contemplativa. Komorebi dá nome á luz do sol que pasa a través das follas das árbores, creando patróns de luz no chan. É presenciar a luz solar esvarando nas follas das árbores: Luz Indecisa, que esperta a palabra poética, lentamente, mentres o fluír do tempo queda apegado ao ser que a envolve como nun lenzol, co tempo poético que ela vai creando. Ao camiñar as soidades da fraga, o komorebi pode proporcionar unha experiencia que transforma simples sombras do arboredo nunha paisaxe inspiradora da máis alta clarividencia poética.

Cesáreo Sánchez Iglesias,
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Casa da Cultura de Pontedeume
13 de xuño de 2026